



O traballo na Doutrina Social da Igrexa. A dignidade do traballo e o traballo digno

Francisco Porcar Rebollar¹

A ninguén lle está permitido violar impunemente a dignidade humana, da que Deus mesmo dispón con gran reverencia

León XIII, *Rerum novarum* 30

O traballo é factor primario de dignidade

Francisco, *Encontro co mundo do traballo*, Bolonia, 1/10/2017

Traballar é propio da persoa humana. Expresa a súa dignidade de ser creado a imaxe de Deus. Por iso dise que o traballo é sacro, o traballo é sacro

Francisco, Catequese 19/8/2015

Di Luis González-Carvajal que a Doutrina Social da Igrexa (DSI) nos axuda a comprender a realidade social como é e como podería ser. Non só como «debería» ser, senón como «podería» ser, porque é posíbel construíla doutra maneira. Como debería ser para responder mellor á dignidade das persoas, pero tamén como podería ser se a construísemos desde o recoñecemento e o respecto efectivo desa dignidade. Para iso, como sinala o papa Francisco, necesitamos situarnos «noutra lóxica», distinta a aquela coa que fomos construíndo a realidade social:

¹ Francisco Porcar Rebollar é militante da HOAC de Segorbe-Castelló. É licenciado en Historia. Foi membro da Comisión Permanente da HOAC e delegado da revista *Noticias Obreras*.